

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA

Corrección de erros.-Lei 6/2004, do 12 de xullo, reformadora dos órganos de defensa da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

No *Diario Oficial de Galicia* número 141, do día 22 de xullo de 2004, publicouse a citada lei. Advertidos erros no seu texto, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 10.452, columna dereita, artigo 6º.1 a), di: «A súa representación ordinaria e a representación ordinaria deste e a convocatoria das sesións do Pleno» e debe dicir: «A representación ordinaria deste e a convocatoria das sesións do Pleno».

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS:

PARLAMENTO DE GALICIA

Resolución do 21 de setembro de 2004 sobre a elección dun membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia.

O Pleno do Parlamento de Galicia, en sesión do día 21 de setembro de 2004, e co quórum de dous terzos previstos no artigo 4, punto 1º, da Lei 9/1984, do 11 de xullo, acordou elixir como membro do Consello de Administración da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, a Cecilia Pérez Orge.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2004.

José María García Leira
Presidente do Parlamento de Galicia

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 22 de setembro de 2004 pola que se clasifica como de interese sanitario a Fundación La Rosaleda.

Visto o expediente de clasificación da *Fundación La Rosaleda*, con domicilio en Santiago de Compostela.

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación La Rosaleda* foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o día vinte e tres de marzo de dous mil catro, ante o notario Carlos de la Torre Deza co número de protocolo catrocentos trinta e seis por Manuel Granja González quen intervén en nome e representación da entidade mercantil *Instituto Policlínico La Rosaleda, S.A.*

3. O obxecto da fundación, segundo establece o artigo 6 dos seus estatutos é a promoción, desenvolvemento e divulgación da investigación e do coñecemento científico da medicina e disciplinas relacionadas coa ciencia da saúde e as ciencias humanísticas, así como calquera actividade de carácter científico e índole cultural.

4. O padroado da fundación estará integrado por Gerardo Fernández Albor como presidente, Francisco Reyes Santias como secretario e Manuel Granja González como vogal.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como de interese sanitario da *Fundación La Rosaleda*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese sanitario e á súa adscrición á Consellería de Sanidade.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 21 de setembro de 2004.